

Acordo do 11 de novembro de 2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a suspensión automática nos procedementos de contratación cando se impugna o acto de adxudicación.

Primeiro.- A teor do artigo 53 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) *“Unha vez interposto o recurso quedará en suspenso a tramitación do procedemento cando o acto impugnado sexa o de adxudicación, salvo no suposto de contratos baseados nun acordo marco ou de contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, sen prexuízo das medidas cautelares que, en relación con estes últimos, se poderían adoptar en virtude do sinalado no artigo 56.3”*.

A suspensión automática do expediente de contratación en fase de adxudicación ten por obxecto evitar que coa formalización do contrato se poidan consolidar situacións de ilegalidade e impedir que se causen outros prexuízos aos interesados afectados, tal e como aparece configurada xa no artigo 2.3 da Directiva 89/665/CE (redacción actual dada pola Directiva 2007/66/CE), que dispón a suspensión do procedemento como garantía de que o poder adxudicador non poida celebrar o contrato cando o recurso se interpón contra a decisión de adxudicación dun contrato: *“Cando se someta a un órgano de primeira instancia independente do poder adxudicador un recurso referente a unha decisión de adxudicación dun contrato, os Estados membros garantirán que o poder adxudicador non poida celebrar o contrato ata que o órgano que examine o recurso tomase unha decisión sobre a solicitude de medidas provisionais ou sobre o fondo do recurso”*.

Por iso, a LCSP expresa no artigo 56.3 parágrafo terceiro que así mesmo no prazo de cinco días hábiles o órgano competente para a resolución do recurso, *“resolverá, de ser o caso, sobre se procede ou non o mantemento da suspensión*

automática prevista no artigo 53, entendéndose vixente esta mentres non se dite resolución expresa que acorde o levantamento. Se as medidas cautelares se solicitaron despois da interposición do recurso, o órgano competente resolverá sobre elas nos termos previstos no parágrafo anterior sen suspender o procedemento principal.”

Segundo.- Da redacción dos preceptos transcritos, en atención á súa finalidade, e considerando o emprego da acepción “de ser o caso”, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública considera que soamente está obrigado a pronunciarse expresamente sobre o mantemento da suspensión en caso de recurso contra a adxudicación, se se solicita o levantamento da suspensión automática polo órgano de contratación. Tamén resulta dese artigo 56.3 que a suspensión automática do artigo 53 se entende vixente ata a resolución do recurso especial agás que expresamente se acorde seu levantamento.

Con todo e en aras a facilitar o coñecemento da súa situación polos recorrentes viñéronse ditando resolucións de mantemento da suspensión, aínda sendo innecesarias dado que a tramitación do procedemento de licitación queda en suspenso desde que se recorre a adxudicación.

Todo iso xerou unha profusión de resolucións prescindibles e unha innecesaria pendencia das partes sobre uns procedementos que de seu se deben entender suspendidos ata a resolución do recurso contra a adxudicación. Dita carga administrativa actualmente resta axilidade ao Tribunal e supón un considerable incremento das tarefas dos seus servizos administrativos, xa de seu sobrecargados, sen achegar mellora nin maior claridade ao procedemento.

Con isto este Tribunal Administrativo adopta o criterio mantido tamén por outros Tribunais de recursos contractuais, como é o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade de Madrid, cuxo Acordo de 05.12.2018 é seguido no que aquí se acorda.

Terceiro.- Este criterio terá efecto respecto dos recursos con entrada no Tribunal Administrativo desde 01.12.2019, tal día incluído.

Polo exposto, previa deliberación e por unanimidade, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia

ACORDA

Desde o día 1 de decembro de 2019, non adoptar resolucións de mantemento de suspensión nos recursos especiais en materia de contratación interpostos contra actos de adxudicación, salvo nos supostos en que expresamente se solicite o levantamento da suspensión automática polo órgano de contratación, entendéndose, noutro caso, vixente a suspensión ata a resolución do recurso que acorde o seu levantamento.

Para xeral coñecemento, este acordo publicarase na páxina web deste Tribunal Administrativo.